

GUÍA DIDÁCTICA



ÍNDICE

1. ACTIVIDADES	3
2. SECUENCIAS DIDÁCTICAS	3
3. OBXECTIVOS	4
4. SECUENCIACIÓN	5
5. CONTIDOS	5
6. COMPETENCIAS CLAVE	12
7. METODOLOGÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	12
8. AVALIACIÓN	13
9. RECURSOS DE AVALIACIÓN	13

1. ACTIVIDADES

Hello, Email Pals! ofrece actividades comunicativas en lingua inglesa orientadas a 4º de Primaria e baseadas no intercambio de emails, audios e vídeos con Peter e Paula, dous alumnos dun centro educativo británico. Deste xeito, as distintas tarefas propostas requiren a utilización da linguaxe oral e escrita e o uso de recursos e estratexias de comunicación, lingüísticas e non lingüísticas, ao tempo que contribúen ao desenvolvemento de actitudes positivas e receptivas cara a lingua e cultura anglófona. As ODE propostas baséanse no enfoque DUA, de xeito que os materiais e tarefas inclúen apoios visuais e auditivos, vídeos, tarefas variadas que se adaptan ás distintas características do alumnado, ademais de incluír actividades de extensión e con distinto nivel de dificultade. Desta maneira, ofrécese unha atención máis personalizada aos nenos que favorece unha mellor atención á diversidade.

2. SECUENCIAS DIDÁCTICAS

As secuencias didácticas (SD) que compoñen este proxecto son as que a continuación se detallan:

- SD1: *This Is Me!*
- SD2: *School Is Cool!*
- SD3: *Meet My Family!*
- SD4: *I Love Sports Day!*
- SD5: *Home, Sweet Home*
- SD6: *Welcome to My Town!*
- SD7: *Let's Celebrate!*

3. OBXECTIVOS

Partindo dos obxectivos da área de lingua estranxeira, a continuación detállanse os obxectivos específicos de *Hello, Email Pals!*:

OBX1.	Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de emails breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.
OBX2.	Producir emails e audios/vídeos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con temas cotiás.
OBX3.	Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.
OBX4.	Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.
OBX5.	Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre o galego, o castelán e o inglés, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.

OBX6.	Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua inglesa, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.
-------	---

4. SECUENCIACIÓN

Cada secuencia didáctica deste proxecto ten unha duración prevista de entre 6 e 8 sesións, polo que son flexibles para adaptarse os diferentes ritmos de traballo e nivel do alumnado mediante actividades de extensión opcionais orientadas a afondar nos contidos traballados, ademais de contar con actividades que presentan distintos graos de dificultade.

5. CONTIDOS

A continuación, recóllense os contidos de cada secuencia didáctica (SD) e os criterios de avaliación cos que se relacionan.

SD1: This Is Me!	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.	CA1.2
▪ Funcións comunicativas básicas: saudar, despedirse, presentar e presentarse.	CA1.7
▪ Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación	CA1.9

fluída.	
Bloque2. Plurilingüismo	
▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.	CA2.1
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.	CA3.1

SD2: School Is Cool!	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.	CA1.2 CA1.5
▪ Funcións comunicativas básicas: describir rutinas de xeito guiado.	CA1.7
▪ Léxico elemental relativo á escola.	CA1.7
▪ Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.	CA1.8

Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. 	CA2.2
Bloque3. Interculturalidade	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. 	CA3.1

SD3: Meet My Family!	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos. 	CA1.1 CA1.5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións comunicativas básicas: describir de xeito pautado persoas. 	CA1.3 CA1.4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas: afirmación, exclamación, negación, interrogación. 	CA1.3 CA1.4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. 	CA1.8
Bloque2. Plurilingüismo	

▪ Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, dixitais, individuais e colectivas.	CA2.3
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.	CA3.2

SD4: I Love Sports Day!	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Técnicas de aprendizaxe.	CA1.2 CA1.5
▪ Funcións comunicativas básicas: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás.	CA1.7
▪ Léxico elemental relativo a deportes e actividades de lecer.	CA1.7
▪ Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios dixitais.	CA1.9
Bloque2. Plurilingüismo	
▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.	CA2.2

Bloque3. Interculturalidade	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. 	CA3.2

SD5: Home, Sweet Home	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. 	CA1.2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións comunicativas básicas: expresión da cantidade e o espazo. 	CA1.1 CA1.3 CA1.4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Léxico elemental relativo á vivenda. 	CA1.3 CA1.4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. 	CA1.6
Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a 	CA2.1

pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.	
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.	CA3.2

SD6: Welcome to My Town!	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos.	CA1.1 CA1.5
▪ Funcións comunicativas básicas: expresión da cantidade e describir de xeito pautado lugares.	CA1.7
▪ Léxico elemental relativo a lugares e contornos de interese.	CA1.7
▪ Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.	CA1.8
Bloque2. Plurilingüismo	
▪ Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, dixitais, individuais e colectivas.	CA2.3
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a	CA3.3

diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.	
---	--

SD7: Let's Celebrate!	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.	CA1.7
▪ Funcións comunicativas básicas: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás.	CA1.5 CA1.6
▪ Unidades lingüísticas elementais: afirmación, exclamación, negación, interrogación.	CA1.5 CA1.6
▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.	CA1.9
Bloque2. Plurilingüismo	
▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.	CA2.2
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores	CA3.3

6. COMPETENCIAS CLAVE

A través das secuencias didácticas que compoñen *Hello, Email Pals!*, desenvolveranse as competencias clave:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia plurilingüe (CP)
- Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM)
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- Competencia cidadá (CC)
- Competencia emprendedora (CE)
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Traballaranse as oito competencias, prestando especial atención ao desenvolvemento das seguintes: competencia en comunicación lingüística (CCL), da competencia plurilingüe (CP), competencia dixital (CD), competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

7. METODOLOXÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A metodoloxía empregada é comunicativa, inclusiva, activa e participativa, onde o alumnado é o centro do proceso de aprendizaxe. Así mesmo, aplícase o enfoque DUA, co obxectivo de ofrecer unha atención máis personalizada ao alumnado e favorecer unha mellor atención á diversidade. Ademais, emprégase a aprendizaxe por descubrimento e a aprendizaxe

colaborativa. Aplícase tamén a Metodoloxía Comunicativa e séguese o Enfoque Intercultural. Por último, a gamificación está presente en todas as secuencias didácticas.

8. AVALIACIÓN

A continuación preséntase a relación entre os criterios de avaliación de cada secuencia didáctica (SD) e o seu peso na cualificación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN															
	Bloque1 Comunicación									Bloque2 Plurilingüismo			Bloque3 Interculturalidade		
	1.1	1.2	1.3	1.4	1.5	1.6	1.7	1.8	1.9	2.1	2.2	2.3	3.1	3.2	3.3
SD1		25%					25%		25%	15%			10%		
SD2		20%			20%		20%	15%			15%		10%		
SD3	20%		20%	15%	20%							15%		10%	
SD4		20%			20%		20%		15%		15%			10%	
SD5	15%	15%	15%	15%		15%				15%				10%	
SD6	20%				20%		20%	15%				15%			10%
SD7					20%	20%	20%		15%		15%				10%

O instrumento empregado para valorar o grao de adquisición é a táboa de indicadores, que se inclúe ao final de cada secuencia didáctica (lapela titulada *Teacher's Resources*). Esta táboa está relacionada cos criterios de avaliación recollidos no cadro anterior e especifica o valor de cada indicador.

9. RECURSOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos son flexibles, adaptándose ao tipo de tarefa proposta: observación directa, grao de corrección na realización das tarefas e proxecto final.

As actividades interactivas inclúen retroalimentación ao completalas e poden repetirse para practicar en avanzar na aprendizaxe. Ademais, cada SD inclúe unha autoavaliación sobre os contidos e destrezas desenvolvidos que axuda ao alumnado a reflexionar sobre o seu proceso de aprendizaxe.